

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibíuse neste Servicio un escrito de D. Elías Alvarez Nogueira, en calidade de presidente da Xunta Rectora con data 22 de decembro de 1997, solicitando a transformación en convenio do consorcio Montouto e Cabeza de Rebolo OR-3020 na parte correspondente ós veciños de S. Vicente.

2º.- Que se acompaña certificación do Secretario da Comunidade D. Marcos González Fernández na que se fai constar que en Asemblea Xeral, en data 19 de decembro de 1998, se tomou o acordo de autorizar o presidente a sinatura do Convenio.

3.- Que a superficie total do consorcio Montouto e Cabeza de Rebolo é de 1.380 Has. as cales nunca foron repoboadas.

4º.- Que a superficie total da zona do consorcio que se quere rescindir é de 1.146 Hás. as cales están rasas.

5º.- Que o novo convenio pasan 1.146 Has. do mesmo consorcio OR-3020 e añadimos 863 Has. do mesmo monte veciñal non consorciado con matorral.

6°.- Que en sesión do 16 de outubro de 1974, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte "Coto de S. Vicente" a favor dos veciños de S. Vicente de Leiro, do termo municipal de Vilamartin de Valdeorras, sendo firme o acordo o non ter reclamacións presentadas en prazo.

7°.- Que nunca se realizaron traballos imputables o consorcio Montouto e Cabeza de Rebolo OR-3020.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes Bases:

Nome: "Coto de San Vicente".

Elenco: 321/55141.

Superficie: 2.009 Has.

Pertenza: Veciños de S. Vicente.

Termo municipal: Vilamartin de Valdeorras.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 0 ptas.

2°.- Que no sucesivo o consorcio "Montouto e Cabeza de Rebolo" OR-3020 teña as seguintes características:

Nome: Montouto e Cabeza de Rebolo.

Elenco: OR-3020

Superficie: 234 Has.

Pertenza: Veciños de Robledo.

Termo municipal: Vilarmartin de Valdeorras.

A restar da conta de gastos: 0 ptas.

A restar da conta de ingresos: 0 ptas.

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 1998,

A XEFA DO SERVECIO DE XESTIÓN DE MONTES,



Asdo.: M^a Del Carmen Juliani Aguado.

V^o.B^o.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.-

Visto o expediente de firma dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade veciñal de San Vicente de Leira, termo municipal de Villamartin de Valdeorras, propietaria do monte Monte Veciñal en Man Común "COTO DE SAN VICENTE", integrado por 2.009 Has. das que 1.146 Has. proceden do consorcio OR-3020 correspondente o Monte Montouto e Cabeza de Rebolo e 863 Has. rasas non consorciadas e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue ink stamp from the Xunta de Galicia, specifically from the Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA', 'DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL', and 'SECCIÓN XURÍDICA'. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in blue ink, which appears to be 'J. T. Rocha'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL. -

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Aproba-lo o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Coto de San Vicente".

Elenco: 321/55141.

Superficie: 2.009 Has.

Pertenza: Veciños de S. Vicente.

Termo municipal: Vilamartin de Valdeoras.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do Convenio: 0 ptas.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Montouto e Cabeza de Rebolo" OR-3020 teña as seguintes características:

Nome: Montouto e Cabeza de Rebolo.

Elenco: OR-3020

Superficie: 234 Has.

Pertenza: Veciños de Robledo.

Termo municipal: Vilamartin de Valdeorras.
A restar da conta de gasos: 0 ptas.
A restar da conta de ingresos: 0 ptas.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 1998.

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,



Asdo. José Luis Aboal García Tuñón.
(do 12/1/98)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL. -

C O N V E N I O

N.º	321	55141
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ELIAS ALVAREZ NOGUEIRAS como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común COTO DE SAN VICENTE, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 8 DE OCTUBRE DE 1.951 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE SAN VICENTE.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: COTO DE SAN VICENTE

Termo municipal: VILLAMARTIN DE VALDEORRAS

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal

Límites:

N.: CON EL TERMINO MUNICIPAL DE OENCIA (LEON)

S.: CON PROPIEDADES PARTICULARES DE SAN VICENTE DE LEIRA Y CON EL MAZO

L.: MONTE VECINAL RIO FARELOS Y PORQUERA DE CORGOMO Y OTROS.

O.: MONTE VECINAL DE ROBLEDO Y DE CERNEGO Y CON EL TERMINO MUNICIPAL DE QUIROGA (LUGO).

Superficie: 2009 HAS.

Estado forestal: 2009 HAS. RASAS.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 0 HAS.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
0 HAS.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 2009 HAS. LAS USUALES DE PASO.
DE SAN VICENTE DE LEIRA (VILLAMARTIN DE VALDEORRAS).

3ª.- O chan continuará pertencendo a COMUNIDADES DE MONTES VECINALES

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: MONTOUTO Y CABEZA DE REBOLO (OR-3020)

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 60 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subenténdase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. SYLVESTRIS

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don VICENTE DAVID ALONSO FERNANDEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "COYO DE SAN VICENTE DE LEIRA", tamen coñecido por "MONTOUTO", a favor dos veciños de San Vicente de Leira e A Ferrería, no concello de VILAMARTÍN DE VALDEORRAS (OURENSE).
2.—Que, así mesmo, figura Don ELÍAS ÁLVAREZ NOGUEIRA, e Don MARCOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica dende o 4 xaneiro 1997 ata o 4 xaneiro de 2001.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense,
a 12 de XUÑO de 1998.
Don MARCOS GONZALEZ FERNANDEZ, Secretario de LA COMUNIDAD DE MONTES VECINALES.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 19 DE DICIEMBRE DE 1.997 estando designado Don ELIAS ALVAREZ NOGUEIRAS representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en SAN VICENTE DE LEIRA
a VEINTE de MAYO de mil novecientos noventa e OITO.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: ELIAS ALVAREZ NOGUEIRAS

Asdo.: MARCOS GONZALEZ FERNANDEZ

Don TOMAS FERNANDZ-COUTO DE JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Asdo.: José Luis Aboal Garcia Tuñon.